



Concello de Xove

Expediente núm.: 327/2021

Procedemento: SELECCIÓN DE PERSONAL. CONVOCATORIA DE UNHA PRAZA DE COIDADOR DE ESCOLA INFANTIL EN RÉXIME DE INTERINIDADE.

DOCUMENTO ASINADO POR: SECRETARIO

ACTA DO TRIBUNAL

Na Sala de Xuntas da casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 09:00 horas do día 8 de xuño de 2021, reunese o Tribunal Seleccionador do concurso oposición convocado para a provisión de unha (1) praza de Coidador/ra Escola Infantil (Persoal Laboral interino).

Integran o citado Tribunal as seguintes persoas:

PRESIDENTE: D. Alberto Rapa Martínez, Encargado do Negociado de Persoal do Concello de Xove.

SECRETARIO: D. Pablo Sánchez Lage, Administrativo adscrito aos servizos municipais de Secretaría do Concello de Xove

VOCALIS:

Dona. Elena Santos Rey, Interventora Municipal.

Don. Luis María Fernández del Olmo, Secretario Municipal.

Dona María Rego Domínguez , Administrativa adscrita aos Servizos Municipais do Concello de Xove.

Polo Secretario Municipal informase dos escritos presentados por D^a. Inmaculada García González (RE 818 e 818 do 07/06/2021) nos que, entre outras cousas, solicita a revisión das puntuacións outorgadas na Fase de Concurso e que se puntue o traballo realizado na Administración Pública anque non teña relación coa plaza de coidadora infantil xa que nas Bases non se especifica tal requisito.





Concello de Xove

Enterado, o Tribunal e:

VISTO que a Base 13.2 sinala:

13.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 20 puntos).

Criteriaos xerais para todos os apartados do baremo:

- *Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean acreditados conforme se sinala na base 9.*
- *Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas na base 5.*

VISTO que a Base 9 sinala:

Forma de acreditación de méritos:

a) *Experiencia laboral.*

- *Os servizos prestados nas Administracións Públicas e organismos dependentes de estas, acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo oficial correspondente na que se especifique a praza/posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.*
- *Se os servizos se prestaron neste Concello farase constar na solicitude co o obxecto de emitir certificación acreditativa dos servizos prestados. A dita certificación será xuntada pola Entidade á solicitude da persoa aspirante, facéndolle chegar unha copia da mesma.*

VISTO que a Base 5 sinala:

5.- FUNCIÓNS DA PRAZA:

As descritas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove que corresponden ao posto N^o: 44.





Concello de Xove

TENDO EN CONTA que a recorrente na documentación presentada para participar no presente proceso de selección (RE 609 o 27/04/2021 ás 12:29 horas) non acredita experiencia profesional ningunha.

TENDO EN CONTA que á vista do disposto na transcritas Bases 13.2; 9 e 5 das reguladoras do procedemento selectivo para a provisión de unha (1) praza de Coidador/ra Escola Infantil como persoal laboral interino aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de abril de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 91 de data 23 de abril de 2021 e ás funcións do posto de traballo núm. 44 “ COIDAOR/RA ESCOLA INFANTIL “ da relación de Postos de Traballo do Concello de Xove; resulta obvio que o tribunal so poderá valorar e puntuar aquela experiencia laboral debidamente acreditada directamente relacionada co desenvolvemento das funcións propias do posto de Coidador/ra de Escola infantil.

Tribunal por unanimidades dos seus membros acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada por D^a. Inmaculada García González e na súa consecuencia mante-las puntuacións outorgadas por este Tribunal na súa sesión de data 4 de xuño de 2021.

SEGUNDO.- Publicar a presente Acta no Taboleiro Municipal de Anuncios e na páxina web municipal

TERCEIRO.- Notificar a presente Acta á recorrente co ofrecemento das accións e vías recurso que en dereito procedan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia, levantouse a sesión sendo as 09´15 horas da data citada no encabezamento extendendose por min, Secretario, a presente Acta para constancia.





Concello de Xove

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

